

¿...FESTA...!

Xa sei que este artigo encaixaría mellor no anterior intres, debido á data á que se refire, pero como non foi posíbel, aquí vai;

Quizais este país debe ser o único en que toda a xente, ao unísono, celebramos un acto festivo da mesma maneira: as doce uviñas o día 31. Aquí si que non existen nacionalidades con tradicións particulares: soan as doce campanadas e case corenta millóns de persoas nos poñemos ante a televisión para ver caer a bóla do reloxo da Porta do Sol, aturando posiblemente un ano máis ao Ramon García coa conseguente acompañante, para darnos as instrucións acerca do “papamento” das uvas, e por suposto darnos a benvida ao novo ano. Para iso lles pagan.

E todos nós, procurando non atragantarnos co costume de comelas sen mastigar.

A cousa non é tan antiga; parece ser que naceu a principios de século, cando había excedentes de uva e debían inventar algo para que o persoal as tragase como fose.

Pero algúns resístense, aínda que pareza incríbel e cean igual que outro día calquera, incluso deitándose antes das campanadas se hai sono, sós ou acompañados.

Pero o ‘normal’ é que a maioría de nós esperemos impacientes, o derradeiro instante do ano, con doce persoas, ou as que sexan, de pé ante un electrodoméstico, brindando con alegría (ou mágoa) a esperada e famosa frase “¡feliz aninovo!” ou buscando un recuncho para chamar todos á vez a alguén que



non está...

Seguramente bicando ao mesmo, que hai dous minutos discutía contigo ao teu carón, pero despois das doce xa todo forma parte do pasado, que máis dá, festa! Logo xa toca a diversión e por suposto, beber champán ou cava ata fartar. Algúns entusiastas tiran confeti e serpentinas cando a música comeza coas típicas cancións e desafinacións, abrindo paso a que toda a familia baile e recorra o estreito comedor, ou corredor, apartando cadeiras e mesas e...

Pero por suposto, sempre hai quen decida saír á rúa, xa que é moito máis divertido, estreando as mellores galas e saudando coa famosa frase a todo o coñecido que se poña por diante, a pesar do tráfico espantoso que debe haber nas cidades, o frío que soe facer esa noite e as grandes esmorgas nas que a maioría cae.

Tamén están os valentes que van a unha festa organizada onde se encontrarán con máis de setecentas

persoas onde só collen trescentas, que farán unha hora de cola para deixar o “glamuroso” abrigo e outra para recollelo; unha máis para conseguir un cubata na ‘barra libre’ e un par delas para poder entrar no baño, esquivando certos vómitos. E aínda están os fillos dos pais que a pesares de seren moi feitiños, acaban sendo uns petardos; as cousas como son. Non é estraño tampouco ver algunha que outra pelexa ou algunha rapaza chorando ata as tantas, como tampouco falla que che poida sentar mal o marisco ou o pavo ou o que sexa.

Os máis finos xa sabemos que van a unha cea exquisita de hotel carísimo e á fin, abúrense como ostras; nunca mellor dito. Os máis esaxerados disfrázanse de lentexoulas e traxe longo, coa última en perruquería nas señoras, e as conversacións de negocios estresantes nos cabaleiros. Non soen faltar os nenos que se empeñan en facer unha serie de monadas tales como tocar o violín ou



¿...FESTA...!

pór en práctica os primeiros pasos de ballet, mentres os pais e avós aplauden cun sorriso de orella a orella, e os invitados buscan unha ventá pola que fuxir.

Un panorama que mola.

Os agasallos, vaia dilema! e para isto, rompémonos a cachola quince días antes ou máis, para deducir que cousa pode cumprir os tres BBB! Bo, bonito e barato. Así é que, o día anterior ao festín poida rematar sendo un dos peores do ano, e se é nos últimos minutos do peche das tendas, moito mellor. Os centros comerciais xa poden afirmar sen tapuxos que foron eles os inventores do Nadal. Ai! Que sería de nós,

sociedade de consumo, sen eses excelentes decorados... música de fondo, panxoliñas, árbores, bólas, velas, portais, postais, luces... etc, etc?

¡O Nadal pode chegar a ser moi "guai", por suposto! vacacións, movemento, familiaridade, agasallos...pero tamén moi triste. Unha falsa bandexa onde nos ofrecen todo tipo de ledicias, na que a maioría de nós caemos. Pero de verdade respiramos todos esa felicidade? Aparentemente todo é paz e harmonía, pero detrás de miles de persoas hai desgrazas que nin o Nadal nin ningunha outra época poden facelas esquecer. Nadal solitario, de fame, dor,

guerras...Amósannolo como algo que realmente non é; pasamos, finximos e seguimos para adiante.

Somos realmente nós? Claro que se non é así, a ver como se ía celebrar esa noite, esa febre de Nadal. Un pode encerrarse a escuras e con tapóns nos oídos, e deixar pasar o tempo, pero entón pasaría a ser a excepción da humanidade...en moitos países o Nadal pasa desapercibido, non existe! pero aquí somos millóns de persoas somerxidas nesa tolemia, e nin un meteorito sería capaz de destruíla. ¡Festa!

Lorena

SEN PASADO NIN FUTURO

250 Millóns. Podería ser o soldo dun actor de éxito, podería ser o premio dunha lotería, podería ser o número de vendas dun disco. Pero non é así. Trátase da cifra de nenos que en todo o mundo non saben o que é vivir nin soñar. 250 millóns de infernos sen infancia. Os máis afortunados ingresarán no mundo adulto sen máis opcións que seguir traballando, explotando o resto da súa vida. Aos que a sorte non os acompaña, verán como a súa saúde se vai minando ata que un día se apague sen ter un só recordo agradable gardado para o último instante. Non tiveron tempo, o 80% deles traballaron de 16 horas en diante diarias sen un só día libre.

En moitos países latinoamericanos, familias enteiras constrúen manualmente ladrillos. Unhas pequenas cubertas


de coiro nos dedos non son suficiente protección para evitar algunha pequena man quebrada que nunca poderá alcanzar unha vida mellor.

As minas é outro dos traballos (ideais). A súa estrutura permítelles entrar na escura boca do dragón que arranca os seus pulmóns e devora os seus ollos.

Os mercados, pódense definir coma unha cidade maldita de nenos aprisionados por fardos dúas veces máis grandes ca eles ou carros cargados de pesados soños esnaquizados.

As fábricas tamén os engolen. ¿Por que tomar medidas de seguridade? ¡que ton-tos son cando os produtos químicos encharcan os seus pulmóns ou arrancan a súa pel!

¿Non esperarán que encima de deixalos traballar e cambiar a súa fame por mise-



ria lles deamos algunha protección?.

¡Iso non sería produtivo!. Berra unha voz anónima. Eses son os afortunados. O resto deixa os pés na rúa pedindo esmola ou camiñando polo lado salvaxe das drogas, a prostitución e a criminalidade.

Nalgúns países moitos pequenos que non saben ler xa aprenderon a disparar contra outros nenos que por algunha razón son os seus inimigos.

Rober, Rocio, Marga 1º BAC C